

SOÑOS EN OSLO

Dag Johan Haugerud, 2025

1632

ESTREA EN NUMAX: 21.11.2025 | V.O.S.E. | +16 | 110 min

Johanne é unha rapaza que namora perdidamente da súa profesora de francés. Desexando preservar os seus sentimentos, a moza documenta as súas emocións por escrito. Cando a súa nai e a súa avoa o len, ao principio reaccionan con sorpresa ante o seu contido íntimo, pero axiña fican cativadas pola súa calidade literaria.

«Un canto aos intres fugaces que
achegan cambios profundos sen que
nos decatemos»

Savina Petkova, CINEUROPA



Na procura dun refuxio emocional

Por Natalia Llorens

En *Soños en Oslo*, Dag Johan Haugerud pecha a súa triloxía “Sex”, “Dreams” e “Love” cunha película que explora a fragilidade do primeiro amor e a sutil liña entre o literario e o vivido. A través da mirada de Johanne (interpretada cunha contención e profundidade notables por Ela Øverbye), unha adolescente de 17 anos que namora perdidamente da súa profesora de francés, Johanna (Selome Emnetu), Haugerud constrúe un relato sensorial e melancólico que transcende o anecdótico para penetrar no universal.

O mundo de Johanne está tecido con texturas: os xerseis de la da súa profesora, a calidez perpetua do seu departamento, as bufandas que envolven o seu pescozo. Haugerud converte estes detalles nunha linguaxe cinematográfica que roza o táctil, facendo que a experiencia de ver a película sexa case física. A cámara de Haugerud detense nos pequenos xestos, nos rozamentos da tea contra a pel, no bafo das cuncas de té quente. Esta poética do detalle logra que a atracción de Johanne se perciba menos como un namoramento cara a unha persoa e máis como unha fascinación por un estado de confort sensorial, por un refuxio emocional.

A narrativa, lonxe de ser lineal, xoga coa percepción do espectador. A voz en off de Johanne, que podería provir tanto da súa novela autobiográfica como de sesións cun psicólogo ou dos seus propios pensamentos, sementa a dúbida sobre a fiabilidade do seu relato. Esta ambigüidade é un dos grandes acertos da película, xa que permite múltiples lecturas: é Johanne unha moza perdida nas fantasías dun primeiro amor ou unha narradora pouco fiable cuxo relato distorsiona a realidade? Haugerud, ademais, expón unha reflexión profunda sobre o proceso de converter a experiencia en literatura. A decisión de Johanne de escribir sobre o seu amor non correspondido nace dunha necesidade de eternizar as súas emocións, pero o acto de escribir, de fixar as sensacións en palabras, conleva inevitablemente unha perda. O vivido convértese nun simple libro, e o desexo de compartir a súa historia, motivado polo empurre da súa avoa (Anne Marit Jacobsen) e a súa nai (Ane Dahl Torp), transforma o íntimo no público, o máxico no cotián.

O elenco achega unha autenticidade de valor incalculable á historia. Øverbye móvese entre a inxenuidade e a madurez con naturalidade, mentres que Jacobsen e Dahl Torp entregan interpretacións entrañables e matizadas como as mulleres que, a través da historia de Johanne, se ven obrigadas a revisar os seus propios recordos e arelas. Emnetu, pola súa banda, dota a Johanna dunha calidez inadvertida, converténdose no obxecto perfecto das fantasías de Johanne. Na súa procura por capturar a esencia do amor adolescente, Haugerud déixase influenciar por Krzysztof Kieślowski, cuxo espírito parece flotar sobre a triloxía enteira. Aínda que *Soños en Oslo* non alcanza de todo a profundidade espiritual do cineasta polaco, a súa sensibilidade e honestidade convértena nunha das propostas máis interesantes do ano.

A película convida o espectador a mergullarse na súa atmosfera cálida e reflexiva, logrando que o mundano vire poético e que o persoal adquira unha resonancia universal. Haugerud pecha así un ciclo cinematográfico único, onde o amor, o sexo e os soños non son só temas, senón portas cara ao autocoñecemento e a reconciliación co efémero.